

ADMINISTRACIÓN LOCAL  
MUNICIPAL  
A CORUÑA  
Infraestructuras e Mobilidade

Revisión de tarifas urbanas de autotaxi da cidade da Coruña para o ano 2025

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 11.12.2024, acordou informar favorablemente a solicitude de revisión de tarifas de transporte urbano en auto-taxi da cidade da Coruña presentada pola Asociación Local de Auto-taxis de A Coruña, á que se sumou a Asociación Herculina del Taxi de A Coruña.

Remitida esta proposta á Comisión de Prezos de Galicia, en data 12.12.2024, recíbese neste Concello a resolución do director xeral de Comercio e Consumo, do 17.12.2024 no que indica que vista a solicitude e o informe favorable adoptado pola Comisión de Prezos de Galicia do 17.12.2024, resolve autorizar a aplicación das seguintes tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi para o Concello da Coruña, solicitadas polo Concello:

| CONCEPTOS                                                                                                                                                                                                                                      | TARIFAS |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|
| TARIFA 1                                                                                                                                                                                                                                       |         |
| Aplicable en días laborais de 06:00 a 22:00                                                                                                                                                                                                    |         |
| Baixada de bandeira ou contía mínima (A baixada de bandeira inclúe 2.200 metros ou tempo equivalente)                                                                                                                                          | 4,30    |
| Qm. percorrido                                                                                                                                                                                                                                 | 1,07    |
| Hora de espera                                                                                                                                                                                                                                 | 22,55   |
| TARIFA 2                                                                                                                                                                                                                                       |         |
| Aplicable en días laborais de 22:00 a 06:00, venres desde as 22:00, sábados, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro                                                                                                                          |         |
| Baixada de bandeira o contía mínima (A baixada de bandeira inclúe 1.900 metros ou tempo equivalente)                                                                                                                                           | 4,80    |
| Qm. percorrido                                                                                                                                                                                                                                 | 1,29    |
| Hora de espera                                                                                                                                                                                                                                 | 26,65   |
| SUPLEMENTOS (aplicables a ambas tarifas)                                                                                                                                                                                                       |         |
| Por uso de maleteiro (excepto cadeiras para P.M.R. ou infantís)                                                                                                                                                                                | 0,85    |
| Traslado cans/gatos (excepto lazarillos autorizados)                                                                                                                                                                                           | 0,85    |
| Días noiteboa, noitevella e San Xoán<br>Aplicables o día 23 de xuño, desde as 22:00 ata as 08:00 do día 24; o día 24 de decembro, desde as 22:00 ata as 08:00 do día 25; o día 31 de decembro, desde as 22:00 ata as 08:00 do día 1 de xaneiro | 2,35    |

Estes prezos serán aplicables a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 19 de decembro de 2024  
O director da Área de Mobilidade  
Luis Vázquez Rodríguez